

Resolución pola que se amplía o prazo de realización do terceiro exercicio das probas selectivas convocadas por resolución reitoral do 5 de abril de 2024 para o acceso á categoría profesional de técnico de servizos xerais, pola quenda de promoción interna.

O segundo exercicio da fase de oposición correspondente ao proceso selectivo que se cita foi realizado o día 18 de xaneiro de 2025.

Á vista da proposta do tribunal cualificador, o reitor tendo en consideración as circunstancias de carácter organizativo que concorren e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resolve:

Ampliar o prazo máximo establecido no artigo 16 do Real decreto 364/1995 para estes supostos, sempre que non exceda da metade do mesmo, para a realización do terceiro exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de técnico de servizos xerais.

Contra esta resolución de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela  
O reitor  
Antonio López Díaz  
(Sinatura dixital)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
06/02/2025 12:40:21.

**CSV:** 1139-543A-438B-833A